

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS, COMERCIANTES E TRABALLADORES AUTÓNOMOS DE RIVEIRA, PARA A INSTALACIÓN DUNHA CARPA PARA UNHA PISTA DE XEO NATURAL NO CONCELLO DE RIBEIRA NO NADAL DE 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Francisco Manuel Martínez Gude, presidente da Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos de Ribeira, en virtude das facultades representativas que lle atribúen os Estatutos de creación da Asociación de Empresarios de Ribeira, inscrita no Rexistro de Organizacións Sindicais e Empresariais.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións institucionais e coa Unión Europea, deportes e mobilidade, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Este departamento ten entre os seus eixos prioritarios o fortalecemento institucional, o impulso do asociacionismo e o apoio ás entidades locais e representativas do tecido económico e social galego, como instrumentos clave para o desenvolvemento equilibrado do territorio, así como a promoción da actividade física e deportiva como elemento esencial de cohesión social e benestar cidadán.

Terceiro. A Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos de Ribeira (en adiante Asociación) é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída legalmente en 1979 e con sede social no municipio de Ribeira, que agrupa e representa o



tecido empresarial local, actuando como interlocutora ante as administracións e promovendo accións que impulsen o desenvolvemento económico e social da comarca.

A súa actividade encádrase dentro do interese público e social, ao contribuír á promoción da economía local, á xeración de emprego e á dinamización comercial e turística do territorio. O principal obxectivo da dita Asociación é defender os intereses comúns dos asociados ante organismos públicos e privados, ao tempo que promociona a formación e información aos seus membros sobre aqueles aspectos de indubidable importancia para a súa actividade. Trátase dunha entidade multisectorial que conta co respaldo das principais empresas ribeirenses, algunhas das cales se atopan entre as máis importantes do tecido industrial galego.

Cuarto. A Asociación solicitou á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia a concesión dunha subvención para a instalación da carpa (concretamente para facer fronte ao custo do alugueiro) da pista de xeo natural no Concello de Ribeira cuxa explotación, a Asociación, ten previsto realizar durante o Nadal de 2025.

A instalación dunha pista de xeo natural, única na contorna, permitirá dotar á cidade dunha oferta de lecer diferenciada, potenciando a imaxe de Ribeira como un municipio innovador, acoledor e comprometido co desenvolvemento económico e social, así como, incentivará a chegada de visitantes doutras localidades, creando un espazo lúdico e familiar que complete a oferta comercial e hostaleira, así como contribuirá á mellora da imaxe do concello como destino atractivo e dinámico.

O Nadal é unha das épocas de maior relevancia para o comercio e a hostalaría, momento no que se concentran boa parte das vendas anuais e no que a vida social cobra unha especial intensidade. Neste contexto, Ribeira, como centro neurálxico da comarca, precisa de iniciativas que reforcen a súa posición como destino de referencia.

O "Proxecto Pista de Xeo 2025" constitúe unha iniciativa exitosa que busca atraer visitantes, fomentar o consumo no comercio de proximidade e crear experiencias memorables para residentes e familias.

A colaboración proposta encaixa plenamente nas competencias e funcións atribuídas á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, conforme á súa estrutura orgánica e ás políticas transversais que lle corresponden no marco da acción de goberno. Este departamento ten entre os seus eixos prioritarios o fortalecemento institucional, o impulso do asociacionismo e o apoio ás entidades locais e representativas do tecido económico e social galego, como instrumentos clave para o desenvolvemento equilibrado do territorio, así como a promoción da actividade física e deportiva como elemento esencial de cohesión social e benestar cidadán

A consellería exerce un papel fundamental de coordinación, apoio e cooperación institucional, tanto con as corporacións locais como co tecido asociativo, fomentando a posta en marcha de proxectos que respondan a necesidades reais da poboación e contribúan á cohesión social, ao dinamismo económico e á identidade colectiva dos municipios galegos.



Neste sentido, a actuación "Pista de Xeo Ribeira 2025", promovida pola Asociación, xorde desde o propio asociacionismo local, co obxectivo de dinamizar a actividade do municipio e mellorar a oferta deste no Nadal, un período clave para a convivencia cidadá; constitúe un exemplo paradigmático de colaboración público-asociativa, xa que materializa os principios de corresponsabilidade, cooperación e participación social que inspiran as políticas da Xunta de Galicia en materia de gobernanza e desenvolvemento local e, así mesmo, é unha actuación que tamén promove o deporte e a actividade física, uns dos obxectivos da Consellería, favorecendo unha cidadanía máis activa, saudable e participativa.

Quinto. O proxecto "Pista de Xeo Ribeira 2025" constitúe unha acción plenamente coherente coas competencias e obxectivos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e responde de maneira directa ao interese público, social e deportivo, ao combinar a dinamización municipal e asociativa con valores de cohesión, participación, deporte e cooperación institucional, que exemplifica o modelo de gobernanza colaborativa e de apoio ao territorio que inspira a acción da Xunta de Galicia.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada pola Asociación, o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz nas labores de fomento, promoción, impulso e potenciación dunha actividade lúdico-deportiva obxecto do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor da Asociación.

Sexto. Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación o instrumento convencional a que se refire o presente convenio, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Sétimo. Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender unha actuación lúdico-deportiva de proximidade promovida especificamente pola Asociación, para a dinamización do Concello de Ribeira e a participación cidadá, na época de Nadal.

Oitavo. A Asociación cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.481.1 (CP 2015 00089) na que existe crédito adecuado e suficiente.

Décimo primeiro. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e ao considerar que concorren as circunstancias que así o aconsellan, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación de Empresarios, Comerciantes e Traballadores Autónomos de Ribeira, para a instalación da carpa da pista de xeo natural que dita asociación ten previsto explotar durante o Nadal de 2025.

Concretamente, a actuación obxecto desta colaboración céntranse no alugueiro dunha carpa para a pista de xeo de 15 x40 metros, que inclúe instalación, desmontaxe, tarima, cortinas, iluminación, equipo de son, jaima zona de entrada..etc, cun orzamento total de 18.997€ que se incorpora como anexo I a este convenio, do cal forma parte.

A localización da pista de xeo será no Malecón de Ribeira, centro urbano (espazo estratéxico de gran afluencia peonil) e a data de funcionamento do 28 de novembro de 2025 ao 6 de xaneiro de 2026, coincidindo coa campaña de Nadal.

Segunda. Obrigas da Asociación

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas da Asociación:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Achegar o cofinanciamento necesario para a total execución do proxecto subvencionado.
4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
5. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:



- a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos
 - c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda a cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
6. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 8. Subministrar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
 9. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

1. A Xunta de Galicia, a través da **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, cooperará na realización da actuación a que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega de **catorce mil euros (14.000 €, IVE incluído)** con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.481.1 (CP 2015 00089) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025. Este importe representa o **73,69% do orzamento total** do proxecto que constitúe o obxecto deste



convenio, o cal se incorpora como anexo I a este convenio.

2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, e manterase constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

Cuarta. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos en que incorrese a Asociación como consecuencia da realización de actuacións acordas co seu obxecto, mesmo aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Quinta. Publicidade dos convenios subvencionados

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade do financiamento do proxecto, a través de carteis incluíndo o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial.

Para isto seguirase o modelo establecido no anexo II deste convenio, sen prexuízo de que a entidade beneficiaria incorpore o seu propio logotipo nos ditos carteis.

Sexta. Xustificación e libramento dos fondos

A achega económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes realizarase nos termos requiridos nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 citada.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O representante da Asociación acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.



En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a consellería, se reducirá na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a Asociación, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 10 de decembro de 2025.

Sétima. Efectividade dos pagamentos

O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberao asinar electronicamente a persoa representante da entidade beneficiaria.

Oitava. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito da Asociación ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:



- a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:
 - Non executar, dentro do prazo fixado neste convenio, o proxecto completo que fundamentou a resolución de concesión.
 - Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula quinta.
 - c) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para concesión da subvención.
3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Novena. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, a Sociedade Deportiva comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao pagado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe acadar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade do pagamento nos termos establecidos na cláusula oitava constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.



Décima. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do vehículo subvencionado.

Décimo primeira. Modificación do convenio.

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, a través das correspondentes addendas e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Respecto da subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Décimo segunda. Facultades de inspección

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda.

Décimo terceira. Seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes da Asociación.
2. A comisión rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estará presidida por quen acorden os membros da Comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.
3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento e deberá reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:



- Interpretación do convenio
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Resolución de cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo cuarta. Causas de resolución

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
 - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
 - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
 - d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
 - e) Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo quinta. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Décimo sexta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo sétima. Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



Décimo oitava. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décimo novena. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes

Diego Calvo Pouso

O presidente da Asociación de
Empresarios, Comerciantes e
Traballadores Autónomos de Riveira

Francisco Manuel Martínez Gude




Anexo I

ORZAMENTO	
ALUGUER DE CARPA DE 15X40 metros (INSTALACIÓN+DESMONTAJE+TARIMA+CORTINAS+ILUMINACIÓN+EQUIPO SONIDO+JAIMA ZONA ENTRADA...)	15.700€
IVA 21%	3.297€
TOTAL	18.997€



Anexo II. Medidas de publicidade

 XUNTA DE GALICIA	LOGOTIPO E NOME DA ASOCIACION
DENOMINACIÓN DO PROXECTO	

